

BORRADOR do *Proxecto de Decreto.../2009, de de....., polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros de ensino non universitario na Comunidade Autónoma de Galicia*

Exposición de motivos.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, a desenvolvan.

A Lei Orgánica de Educación no Título II, da Equidade na Educación, no seu Capítulo I, Artigo 71 determina que as Administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na citada Lei e que corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para tal fin.

Os Decretos da Comunidade Autónoma de Galicia que establecen a ordenación xeral das ensinanzas non universitarias, regulan, para cada unha das etapas, os elementos básicos de atención á diversidade.

A calidade e a equidade son obxectivos fundamentais e prioritarios en toda actuación educativa. A atención á diversidade constitúe o mellor indicador da posta en marcha de ambos principios. A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, así o contempla e inclúe entre un dos seus principios básicos o de proporcionar a calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias e a equidade que garanta a igualdade de oportunidades.

É necesario comprender que todas as persoas son diversas e que só na medida en que a intervención educativa se adecúe ás peculiaridades individuais de cada unha delas, o seu proceso educativo resultará satisfactorio. É obxectivo da educación

conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades individuais e sociais; intelectuais, culturais e emocionais para o que necesitan recibir unha educación adaptada ás súas necesidades. É preciso garantir unha igualdade efectiva de oportunidades, ofrecendo os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o requira como aos centros nos que se escolariza. En definitiva, o obxectivo é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, conciliando a calidade da educación coa equidade.

Concíbese a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Este conxunto de medidas e accións implicarán a toda a comunidade educativa, converténdose nun dos eixos vertebradores da práctica docente, o que implica realizar propostas curriculares e/ou organizativas que contemplan a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Se todo o alumnado, en xeral, precisa da atención á súa diversidade, máis aínda aquel que polas súas características derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta, altas capacidades e/ou incorporación tardía ao noso sistema educativo, require determinados apoios e atencións educativas específicas.

A citada lei de educación dedica o Título II á equidade na educación e refírese no seu capítulo I ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Así mesmo, sinala que corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que as alumnas e os alumnos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades de aprendizaxe derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta; por presentar altas capacidades intelectuais ou por incorporación tardía ao sistema educativo, poidan acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

O capítulo II da mesma Lei, dedicado á compensación das desigualdades en educación, establece a necesidade de realizar accións de carácter compensatorio coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables, dotando dos recursos económicos e apoios precisos, co fin de que a acción educativa contribúa a evitar as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

En consecuencia, ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación algunha á hora de organizar a resposta educativa do alumnado. Esta responsabilidade debe ser asumida en todas as actuacións que leven a cabo os centros educativos nos distintos niveis e etapas das ensinanzas non universitarias. As naturais diferenzas individuais entre as persoas, así como as derivadas de discapacidade temporal ou permanente, sobredotación intelectual, situación social, xeográfica, económica, étnica, lingüística, cultural ou de saúde non poden ser un obstáculo para o desenvolvemento de todas as dimensións persoais do alumnado.

Os centros educativos deberán dar resposta adaptada, potenciadora e compensadora das diferenzas individuais de todo o alumnado no marco normalizado do propio centro e da comunidade educativa a partir do principio básico de respecto ás diferenzas e a súa consideración como un elemento enriquecedor para a sociedade. A atención integral ao alumnado iniciárase dende o mesmo momento en que sexan detectadas as necesidades e rexeráse polos principios de normalización e inclusión.

Os decretos polos que se establecen os currículos das distintas etapas educativas na Comunidade Autónoma de Galicia recollen os elementos básicos da atención á diversidade.

Por outra parte, no marco do Real Decreto 1538/2006, de 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, e de acordo co disposto na Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, a Administración educativa poderá realizar ofertas formativas adaptadas ás necesidades específicas de xoves con fracaso escolar, persoas con

discapacidade, minorías étnicas, parados de longa duración e, en xeral, persoas con risco de exclusión social.

Así mesmo, todas as actuacións que se leven a cabo deberán ter en conta os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, contemplados na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

O presente decreto regula para a Comunidade Autónoma de Galicia os principios e a organización xeral das actuacións, os medios e os recursos para ofrecer unha axeitada resposta educativa á diversidade do alumnado.

De conformidade co exposto, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, o Consello Escolar e co ditame do Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do.....

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.- Obxecto e ámbito.

1. O obxecto do presente Decreto é establecer a ordenación e organización xeral para a atención á diversidade do alumnado escolarizado en centros de ensino non universitario, sostidos con fondos públicos, da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Será de aplicación en todos os centros educativos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.- Principios xerais.

1. A atención á diversidade do alumnado rexerase polos principios de normalización e inclusión escolar e social, accesibilidade, interculturalidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.

2. A atención á diversidade contempla a todo o alumnado. É obriga do centro docente no seu conxunto, de todas as profesoras e profesores e, se fose o caso, doutros profesionais, a implicación e resposta educativa de acordo coas medidas de atención á diversidade contempladas no proxecto educativo do centro. Porén os centros establecerán nos seus documentos programáticos as medidas precisas para atender á diversidade do alumnado en coherencia co seu proxecto educativo.

3. A atención á diversidade ten un dobre carácter, de actividade preventiva das dificultades e de resposta educativa ás mesmas, buscando o maior grao de axuste pedagóxico posible entre as características de cada unha das alumnas e cada un dos alumnos e a práctica educativa. A actuación das persoas titoras e do resto do equipo docente, dos departamentos de orientación e, se fose o caso, dos equipos de orientación específicos, será fundamental para acadar tales obxectivos.

4. A atención á diversidade asentarase na prevención, detección temperá, orientación, medidas de atención específica, esforzo compartido, coordinación entre os diferentes axentes que interveñan co alumnado, cooperación entre administracións públicas e institucións e a participación de toda a comunidade educativa.

5. Serán prioritarias sempre as medidas de carácter xeral e normalizador. As medidas extraordinarias que se establezan só serán adoptadas cando estean esgotadas as vías ordinarias e non existan outras alternativas que garantan a atención adecuada do alumnado.

Capítulo II

Escolarización

Artigo 3º.- Condicións xerais.

1. A escolarización do alumnado rexerase polos principios de normalización e inclusión, rexeitará a discriminación e velará pola igualdade efectiva no acceso e a permanencia no sistema educativo non universitario en Galicia. Ningunha circunstancia persoal, social ou de calquera outro tipo será motivo de discriminación.
2. O principio de flexibilidade caracterizará a escolarización para a atención á diversidade.
3. Todos os centros educativos sostidos con fondos públicos escolarizarán o alumnado con necesidades específica de apoio educativo que lle corresponda, contando coa reserva de prazas establecida a tal efecto na normativa. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá unha distribución equilibrada do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, cunha ratio que permita de maneira eficaz a atención á diversidade.
4. Como norma xeral a escolarización de todo o alumnado levarase a cabo en centros ordinarios nas condicións e cos requisitos, procedementos, e calendario establecidos ao efecto.
5. Determinadas alumnas e alumnos poderán ser escolarizados nunha aula específica de educación especial nun centro ordinario, nun centro de educación especial ou escolarización combinada, cando as necesidades educativas que presenten requiran recursos e atencións que non se lles poidan proporcionar en contextos ordinarios.
6. A escolarización referida no punto anterior realizarase de acordo co procedemento que ao efecto determine a Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria. En todo caso requirirá dun ditame específico que así o aconselle.

7. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoverá o desenvolvemento de accións interdisciplinares para a detección de necesidades e a atención temperá do alumnado.

Artigo 4º.- Centros para a escolarización.

1. Os centros ordinarios escolarizarán a todo o alumnado de acordo coa normativa vixente en materia de admisión de alumnas e alumnos.

2. Co fin de optimizar os recursos, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá determinar centros ordinarios de escolarización preferente que polas súas características, equipamentos, recursos e servizos complementarios permitan ofrecer unha atención e resposta educativa específica axustada ás necesidades do alumnado.

3. Os centros de educación especial escolarizarán alumnado que polas características e condicións persoais e polas súas necesidades educativas especiais, requira recursos e atencións especializadas que non poidan ser proporcionados en contextos ordinarios.

4. Cando, de acordo coa oferta educativa, nunha zona non existan centros de educación especial ou cando as circunstancias así o aconsellen a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá crear, habilitar ou autorizar aulas específicas de educación especial en centros ordinarios de educación primaria ou de educación secundaria para dar resposta adaptada ao alumnado. A escolarización e organización das ensinanzas nestas aulas estarán suxeitas ás mesmas condicións e procedementos que para os centros de educación especial.

5. A Administración educativa elaborará a oferta dunha rede de centros ordinarios de escolarización preferente, centros de educación especial e/ou aulas específicas de educación especial en centros ordinarios de educación primaria e de educación

secundaria para dar resposta ás necesidades do alumnado da Comunidade Autónoma de Galicia. Sen pretender unha clasificación exhaustiva e pechada dado que na realidade as necesidades específicas poden presentarse combinadas, a fin de facilitar a planificación dos recursos, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terá en conta nesta rede, centros con necesidades sensoriais, motoras, psíquicas e de personalidade e conduta.

6. Os centros de educación especial exercerán como centros de recursos específicos para os demais centros educativos da zona.

Artigo 5º.- Modalidades de escolarización.

1. As modalidades de escolarización serán, escolarización en centros ordinarios, en centros de educación especial ou combinada entre ambos.

2. Todas as modalidades de escolarización teñen carácter revisable e reversible, polo que deben estar suxeitas a modificacións e adaptacións segundo a evolución que vaia presentando o alumnado. Estarán fundamentadas nas avaliacións psicopedagóxicas efectuadas previamente.

3. Malia a escolarización en calquera das modalidades anteriormente indicadas, o alumnado poderá recibir atención educativa en aulas hospitalarias, atención domiciliaria, centros de protección de menores e centros de internamento en réxime pechado ou terapéutico en circunstancias especiais que así o precisen ou aconsellen.

Artigo 6º.- Organización das ensinanzas.

1. Os centros ordinarios axustaranse á organización establecida na normativa de carácter xeral para cada unha das etapas e ciclos educativos que impartan desenvolvendo as medidas de atención á diversidade contempladas no seu proxecto educativo.

2. Os centros de educación especial contarán con recursos e servizos adecuados ás necesidades do alumnado escolarizado neles.

3. Nos centros de educación especial as ensinanzas estrutúranse en:

a) Ensino básico obrigatorio, cun currículo que terá como referente o normativo para as distintas etapas, orientado ao desenvolvemento de habilidades de autocoidado e autovalimento, de saúde, seguridade, autorregulación, comunicación, habilidades académico-funcionais, sociais, laborais e de ocio así como das competencias básicas, no grao que as posibilidades e capacidades do alumnado o permitan.

b) Formación complementaria

b.1) Programas de formación para a transición á vida adulta, así como outras ofertas formativas conforme ás necesidades específicas do alumnado orientadas a favorecer o desenvolvemento de habilidades adaptativas básicas con especial referencia ás relacionadas coa vida diaria, o traballo, a saúde, a seguridade persoal e a prevención, destinados ao alumnado que non poida incorporarse a un programa de cualificación profesional inicial.

b.2) Programas de cualificación profesional inicial dirixido ao alumnado susceptible de incorporarse ao contexto produtivo real propio do perfil profesional .

4. A permanencia no ensino básico obrigatorio, establecido por norma xeral en dez anos, nos centros de educación especial poderá exceder dos límites establecidos en calquera das súas etapas. En todo caso, o alumnado poderá estar escolarizado en centros de educación especial ata os vinte e un anos.

5. Excepcionalmente, as alumnas e alumnos do segundo ciclo de educación infantil, e só cando as súas necesidades non poidan ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade nos centros ordinarios, cumprindo cos requisitos que se establezan a tal efecto, poderán ser escolarizados nun centro de educación especial, en aulas específicas de educación especial ou en escolarización combinada sempre e

cando exista dispoñibilidade de prazas.

6. Todos os centros, ordinarios e de educación especial, de acordo co exercicio da súa autonomía, elaborarán o seu proxecto educativo e aqueles outros documentos que faciliten o bo funcionamento do centro.:

a) Nos centros ordinarios farase de acordo co establecido na normativa correspondente a cada etapa educativa das distintas ensinanzas.

b) Nos centros de educación especial, para a elaboración dos ditos documentos, tomaranse como referente os obxectivos e competencias básicas a desenvolver nas diferentes etapas e tendo en conta as necesidades do alumnado, previamente ditaminadas, os programas, plans ou proxectos que se desenvolvan no centro e as propostas e criterios acordados polo claustro.

7. As aulas específicas de educación especial en centros ordinarios configúranse coma unha resposta máis aberta e normalizada para o alumnado con necesidades educativas especiais, ao permitir participar e compartir aquelas actividades do centro ordinario que favorezan a inclusión. Contarán cos espazos e recursos que permitan dar resposta ás necesidades do alumnado escolarizado nelas. A organización das ensinanzas nestas aulas adecuarase ao establecido para os centros de educación especial.

8. A escolarización combinada permitirá ao alumado recibir atención educativa entre un centro ordinario e un centro de educación especial ou aula específica de educación especial, aproveitando os recursos que cada un destes contextos educativos pode proporcionar, aínda que administrativamente a súa adscrición será realizado nun deles. A coordinación das actuacións levadas a cabo nos dous contextos educativos será imprescindible para asegurar o seguimento do proceso de ensino e aprendizaxe de cada alumna e cada alumno.

9. Cada alumna ou alumno escolarizado nun centro de educación especial ou aula específica de educación especial contará cos documentos administrativos de

avaliación e promoción que posibiliten e acrediten a súa escolarización. Como norma xeral serán os establecidos para cada unha das etapas educativas. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria facilitará os protocolos e modelos pertinentes para os casos diferentes aos ordinarios.

Capítulo III

Medidas e recursos para a atención á diversidade

Artigo 7º.- Consideracións xerais.

1. As medidas de atención á diversidade abranguen o conxunto de estratexias de planificación e actuación dirixidas a dar resposta ás necesidades derivadas da diversidade de alumnas e alumnos co fin de posibilitar que todo o alumnado acade, de acordo coas súas posibilidades, as capacidades e competencias propias das distintas etapas educativas.
2. Os centros educativos, en aplicación dos principios establecidos na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, incluírán o tratamento da atención á diversidade nos diferentes documentos programáticos. Así mesmo, no exercizo da súa autonomía pedagóxica, activarán accións de aula, ciclo, etapa e/ou centro que contemplan as características do contexto social e cultural, as necesidades do seu alumnado e as posibilidades formativas do contorno.
3. As medidas terán un carácter revisable e estarán suxeitas a un proceso de avaliación continua, introducindo as modificacións que as necesidades existentes requiran.
4. Todas as medidas propostas levaranse a cabo nun contorno educativo o menos restritivo posible, propiciando a participación de toda a comunidade educativa e a colaboración e coordinación con outras administracións, corporacións locais, servizos e institucións.

Artigo 8º.- Medidas xerais.

1. Son medidas de carácter xeral todas aquelas dirixidas á adecuación dos elementos de acceso ás instalacións e dos currículos ao contorno sociocultural e ás características do alumnado co fin de dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións, estratexias, ritmos e estilos de aprendizaxe, e que son de aplicación común a todo o alumnado. Son medidas xerais de atención á diversidade aquelas, tanto organizativas como curriculares, contempladas no proxecto educativo do centro, na programación xeral anual e nos outros documentos programáticos que deseñen e desenvolvan os centros.

- a) A acción titorial e a orientación incidindo no coñecemento do historial de cada alumna e cada alumno así como no do seu entorno familiar e social para adecuar e orientar as accións educativas ás súas necesidades.
- b) A adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e a organización e xestión da aula de acordo coas características do alumnado e as súas necesidades.
- c) A organización e tratamento do currículo de forma interrelacionada e integradora, coa posta en marcha de metodoloxías que favorezan a atención individualizada do alumnado e a aplicación de estratexias cooperativas, segundo proceda en cada caso.
- d) A adecuación de materiais curriculares ao contorno e ao alumnado.
- e) A planificación de estratexias de avaliación inicial, formativa e contínua, tendo en conta que os instrumentos estean asociados ás actividades realizadas no día a día nas aulas, que permitan verificar o grao de desenvolvemento das competencias básicas e que se adecúen ás características de cada persoa. Estratexias que propicien a autoavaliación de cara á potenciación de aprender a aprender. Non só será avaliado o progreso do alumnado senón tamén a práctica docente.

- f) O traballo cooperativo do profesorado e a participación coordinada de todo o equipo educativo.
- g) Reforzo educativo entendido como acción complementaria á ordinaria nas aulas que permita adecuarse aos modos e ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- h) Programas de reforzo e recuperación das áreas avaliadas negativamente.
- i) A optatividade e opcionalidade.
- j) Desdobres nos grupos.
- k) Agrupamento de materias en ámbitos.
- l) Aquelas outras como grupos de traballo cooperativo, aprendizaxe por proxectos, titorización entre iguais que favorezan e contribúan ao logro do obxectivo de atender á diversidade.
- m) Fomento da innovación e investigación.

Artigo 9º.- Medidas específicas.

1. As medidas específicas de atención á diversidade, que poderán comportar decisións de tipo curricular e/ou organizativo, terán como finalidade axustar o proceso educativo ás características do centro e ás necesidades do alumnado. Son medidas específicas de atención á diversidade as seguintes:

- a) Adecuación de todos os elementos que conforman o proxecto educativo.
- b) Adaptacións curriculares.
- c) Programas de enriquecemento curricular
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Fragmentación dos cursos.

f) Agrupamentos específicos: Esta medida, malia a posibilidade de grupos específicos de longa duración, terá, como norma xeral, carácter temporal e parcial; a súa duración será a mínima posible e, en todo caso, o alumnado contará con actividades no grupo de referencia:

— Grupo específico con programa de reforzo das áreas instrumentais básicas.

— Grupo específico para a adquisición de linguas para alumnado con incorporación tardía ao noso sistema educativo, sen o coñecemento das linguas faladas en Galicia .

— Grupo de adaptación da competencia curricular para alumnado con incorporación tardía ao noso sistema educativo.

g) Apoios:

— Dentro da aula compartindo profesorado e/ou profesionais específicos.

— Fóra da aula, a tempo parcial.

— Dentro do centro, fóra do horario escolar

— Externos ao centro escolar: noutros servizos e institucións.

h) Programas de diversificación curricular.

i) Programas de cualificación profesional inicial.

j) Escolarización combinada.

k) Atención hospitalaria.

l) Atención domiciliar.

m) Atención en centros de internamento en réxime pechado ou terapéutico.

n) Outras medidas para a atención á diversidade que poida determinar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. Medidas e recursos na formación profesional.

Nas ensinanzas de formación profesional poderanse aplicar as seguintes medidas e recursos de atención á diversidade:

- a) Reforzo educativo.
- b) Adaptacións curriculares, nos termos establecidos no artigo 15º.1. deste decreto.
- c) Fragmentación modular.
- d) Programas de cualificación profesional inicial.

Artigo 10º.- Recursos.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dotará aos centros educativos con escolarización de alumnado con necesidades educativas especiais de equipamentos, recursos e material educativo adaptado, en función das características específicas do mesmo.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deseñará unha rede de centros na que se contemple a oferta educativa para a atención ás necesidades educativas específicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Capítulo IV

Atención á diversidade nas distintas ensinanzas non universitarias

Artigo 11º.- Principios.

1. A atención á diversidade nas diferentes ensinanzas e etapas educativas basearase

nos principios de educación común, accesibilidade universal, non discriminación, compensación de desvantaxes e igualdade efectiva de oportunidades entre as persoas con independencia da súa orixe, raza, sexo, discapacidade, lugar de residencia e demais circunstancias persoais ou sociais. Procurarase activamente a erradicación de comportamentos ou linguaxes discriminatorias.

2. O deseño, a xestión e a avaliación das probas para a obtención dos títulos e certificados por parte do alumnado con discapacidade basearanse nos principios sinalados no punto anterior. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades educativas especiais deste alumnado e garantirán a accesibilidade ás probas que se leven a cabo.

3. Todas e cada unha das ensinanzas non universitarias poderán contar con medidas de flexibilización tanto nas condicións de idade para o acceso como para a permanencia do alumnado nas mesmas.

4. Sen prexuízo do punto anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria articulará o procedemento necesario para valorar as solicitudes de acceso ás ensinanzas postobrigatorias do alumnado con discapacidade e as posibles limitacións para poderen cursar con aproveitamento as ditas ensinanzas co obxecto de garantir a eficacia da formación e do posterior exercicio das competencias inherentes ao título.

Artigo 12º.- Educación infantil.

1. Na etapa de educación infantil a atención á diversidade estará dirixida a previr e compensar a incidencia de aqueles factores que puideran dificultar o óptimo desenvolvemento das nenas e nenos nos primeiros anos da súa vida e caracterizarase pola participación activa da familia, centros e servizos en contornos inclusivos. Será fundamental a identificación e atención temperá das necesidades detectadas.

2. A escolarización no segundo ciclo de educación infantil levarase a cabo en contornos ordinarios. Con carácter excepcional, e previo ditame de escolarización,

poderá proporse a escolarización nunha aula específica de educación especial nun centro ordinario ou nun centro de educación especial ou a escolarización en modalidade combinada.

3. A escolarización de alumnado con necesidade específica de apoio educativo e/ou necesidades educativas especiais na educación infantil comezará e finalizará nas idades establecidas con carácter xeral para esta etapa.

4. Excepcionalmente poderase autorizar a flexibilización na escolarización, tanto para permanecer máis alá da idade establecida como para anticipar o comezo da educación primaria. No caso de que esta flexibilización fose aconsellable realizala no primeiro ciclo da educación infantil, permanecendo un ano máis nel, a incorporación do alumnado ao segundo ciclo efectuarase no primeiro nivel, aínda que non se axuste ás condicións de idade requiridas con carácter xeral. En calquera caso, o comezo da educación primaria non se efectuará máis alá do ano natural no que a alumna ou alumno cumpra os 7 anos.

Artigo 13º.- Ensino básico obrigatorio.

1. A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais no ensino básico obrigatorio comezará e rematará nas idades establecidas con carácter xeral para as etapas que o configuran e axustarase ás condicións de permanencia ou flexibilización que se establezan para o alumnado con necesidades educativas especiais ou específicas de apoio educativo asociadas a discapacidade, incorporación tardía ao sistema educativo español ou altas capacidades intelectuais. En todo caso, estas medidas serán revisables e reversibles ao longo de todo o período de escolarización nestas etapas.

2. Na etapa de educación primaria porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e da convivencia e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, tal como determina a LOE no seu artigo

19. e o Decreto 130/2007, do 28 de xuño, pola que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, nos seus artigos 15º e 16º. A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo da permanencia durante un curso máis no mesmo ciclo, establecido na normativa de carácter xeral, poderá prolongarse un ano máis na etapa, sempre que esta medida favoreza a súa integración socioeducativa. No caso de non ter permanecido un ano máis na educación infantil será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. Así mesmo, o alumnado que xa fixo uso da permanencia en educación infantil poderá permanecer un ano máis de acordo co disposto con carácter xeral e un segundo ano con carácter excepcional. En calquera caso, non se poderá continuar na educación primaria máis alá do ano natural no que se cumpran os quince anos de idade.

3. Na etapa de educación secundaria farase fincapé nas medidas organizativas e curriculares para atender o alumnado que o precise en canto se detecten as necesidades: Reforzos, apoios, agrupamentos flexibles, integración de materias por ámbitos, adaptacións curriculares ou programas específicos como os programas de diversificación curricular, programas de cualificación profesional inicial, entre outros tal como establece o Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. O inicio e/ou a escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais poderá flexibilizarse no ensino básico obrigatorio nas condicións que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, podendo reducirse a duración das etapas de educación primaria e educación secundaria cando se prevea que esta medida é a máis adecuada para o desenvolvemento da súa formación integral, do seu equilibrio persoal e a súa socialización. Neste sentido, atenderase á normativa que se desenvolva a tal efecto.

5. A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo realizarase atendendo ás circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.

Cando este alumnado presente un desfase no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis anos poderá ser escolarizado nun ou dous cursos inferiores aos que lle corresponderían por idade sempre que a dita escolarización lles permita completar a etapa nos límites establecidos.

6. Tanto para a educación primaria como para a educación secundaria obrigatoria o currículo será o establecido para cada unha destas etapas.

7. Non haberá exención en ningunha das áreas curriculares agás da lingua galega nos termos establecidos no artigo 15º do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo así como da segunda lingua estranxeira de 1º e 2º curso de educación secundaria obrigatoria de acordo co establecido no decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6º.4 pero se contemplará a adecuación das mesmas ás necesidades específicas do alumnado.

Artigo 14º.- Bacharelato.

1. O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderá ser autorizado para cursar de forma fragmentada o conxunto das materias do currículo dos dous cursos que conforman o bacharelato. Nestes casos poderase ampliar a duración da súa escolarización nun ou dous cursos como máximo con respecto ao establecido con carácter xeral.

2. Poderá flexibilizarse a duración da escolarización no bacharelato para alumnado con altas capacidades intelectuais nas condicións que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 15º.- Formación profesional.

1. O alumnado que cursen ensinanzas de formación profesional terán dereito ás adaptacións curriculares pertinentes. Cando o desenvolvemento da programación

requira unha adaptación curricular significativamente diferente deberá contar coa aprobación previa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En ningún caso poderá implicar a modificación dos obxectivos xerais do título, nin menoscabar a competencia xeral e as competencias profesionais, persoais e sociais, así como os resultados de aprendizaxe.

2. Os procesos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas das que puidera ser obxecto o alumnado con necesidades educativas especiais e garantirá a súa accesibilidade ás probas de avaliación. En todo caso, a avaliación realizarase tomando como referencia os obxectivos, resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais e os obxectivos xerais do ciclo formativo.

3. Para os Programas de Cualificación Profesional Inicial e aquelas ensinanzas de formación profesional conducentes a títulos que polo seu perfil profesional requiran determinadas condicións psicolóxicas e/ou físicas ligadas a situacións de seguridade ou saúde, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá requirir a achega da documentación xustificativa necesaria ou a realización de determinadas probas cando se estime procedente.

Artigo 16º.- Ensinanzas de idiomas.

1. As ensinanzas de idiomas nas Escolas Oficiais de Idiomas teñen como finalidade capacitar ao alumnado para o uso adecuado dos diferentes idiomas, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá adoptar as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, estas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados nos decretos do currículo destas ensinanzas.

3. A permanencia en cada nivel das ensinanzas de idiomas na modalidade presencial será como máximo o dobre da duración establecida na normativa vixente para cada

nivel dos diferentes idiomas.

Artigo 17º.- Ensinanzas artísticas.

1. O alumnado con necesidades educativas especiais poderá acceder ás ensinanzas artísticas sempre que cumpran os requisitos de admisión establecidos para cada unha delas, facendo constar, no seu caso, as súas necesidades especiais aos efectos de provisión de recursos específicos de acceso ao currículo. Os centros facilitarán e adecuarán os os seus medios e recursos para facilitar a este alumnado acceder e cursar estas ensinanzas.podendo propor adaptacións curriculares que respecten no esencial os obxectivos do currículo.

2. A permanencia nas ensinanzas profesionais de música e de danza non poderá superar os nove anos, incluído o da ampliación excepcional que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poida conceder en supostos de doenza que perturbe substancialmente o desenvolvemento dos estudos ou noutros supostos que merezan igual consideración.

Artigo 18º.- Ensinanzas deportivas.

1. As ensinanzas deportivas, ademais de adquirir os coñecementos e habilidades necesarios para desenvolver o seu labor en condicións de seguridade, calidade e saúde das persoas, terá entre os seus obxectivos o de facilitar a integración e normalización das persoas con discapacidade na práctica deportiva.

2. A oferta, o acceso e a matrícula estableceranse coa finalidade de conquistar a flexibilidade destas ensinanzas, permitindo a oferta modular e por bloques, a adaptación ás condicións persoais e ás características de grupos especiais, a formación a distancia e a matrícula parcial.

3. O acceso ás ensinanzas deportivas de persoas que acrediten discapacidade será en igualdade de condicións que o resto do alumnado, realizando non centros os axustes razoables para que este acceso non comporte restricións inxustificadas

contrarias ao principio de igualdade de oportunidades.

Artigo 19º.- Educación de persoas adultas.

1. As ensinanzas para as persoas adultas organízanse cunha metodoloxía flexible e aberta, de modo que respondan ás capacidades, necesidades e intereses de todo o alumnado que se escolarice nelas.
2. As modalidades nas que se imparten estas ensinanzas (presencial, semipresencial e a distancia) permiten a integración nelas das persoas que polas súas características e condicións persoais das súas necesidades educativas especiais teñen dificultades para cursalas por outro réxime.
3. O alumnado poderá permanecer cursando as ensinanzas básicas para persoas adultas o tempo necesario para o logro dos obxectivos de cada etapa.
4. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo das ensinanzas básicas para persoas adultas ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, estas adaptacións deberán respectar os obxectivos fixados para cada unha das etapas destas ensinanzas.
5. Co fin de facilitar a integración de persoas inmigrantes ou pertencentes a grupos socialmente desfavorecidos, a consellería promoverá nos centros de educación de persoas adultas programas específicos de aprendizaxe da lingua castelá e da lingua galega, e de elementos básicos da cultura que favorezan a súa integración social e laboral.
6. Nos centros penitenciarios garantirase á poboación interna o acceso ás ensinanzas para persoas adultas.
7. Cando se produza a integración en centros de adultos de persoas con necesidades educativas especiais, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria facilitará esa integración nas mesmas condicións que nos centros ordinarios.

Capítulo V

Participación, promoción da calidade, formación e innovación

Artigo 20º.- Formación do profesorado

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoverá a formación de todo o profesorado e doutros profesionais co fin de procurar unha resposta de calidade na intervención e atención educativa ofrecida ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Artigo 21º.- Innovación educativa

Favorecerase o desenvolvemento de experiencias, a promoción e difusión de accións de innovación educativa, experimentación e investigación neste eido, nos centros sostidos con fondos públicos.

Artigo 22º.- Colaboración coas familias do alumnado

Facilitarase a posta en marcha de programas familia-escola que propicien a comunicación e formación en técnicas e procesos de axuda ao labor educativo coas fillas e fillos con necesidade específica de apoio educativo.

Artigo 23º.- Cooperacións

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria recabará a cooperación doutras institucións, organismos e entidades sen ánimo de lucro coa finalidade de canalizar unha actuación coordinada dos diferentes sectores implicados na atención a este alumnado, nas liñas propostas por esta consellería

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fomentará o desenvolvemento de proxectos que teñan como obxectivo a procura dunha resposta de calidade a toda a pluralidade do alumnado, e poderá establecer convenios, axudas

e subvencións a persoas físicas, corporacións locais e entidades sen fin de lucro, para a realización de actuacións que melloren a atención á diversidade do alumnado.

Disposicións adicionais.

Adicional primeira.- Acceso ás ensinanzas de formación profesional, artísticas e deportivas de persoas que acrediten discapacidade:

1. As persoas con discapacidade, considerándose a tales efectos as comprendidas no artigo 1.2 da Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, accederán as ensinanzas de formación profesional, as artísticas e as deportivas en igualdade de condicións co resto do alumnado, sendo obriga da Administración educativa galega levar a cabo os axustes razoables para que este acceso non comporte restricións inxustificadas contrarias ao principio de igualdade de oportunidades.

2. Con obxecto de garantir a eficacia da formación, a saúde e seguridade e o posterior exercicio das competencias profesionais inherentes aos títulos que confiren as ensinanzas de formación profesional, as artísticas e as deportivas, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria articulará os mecanismos necesarios, coa inclusión de asesores expertos ou a petición de informes, para que os tribunais das probas de acceso de carácter específico destas ensinanzas poida valorarse o grao de discapacidade e as limitacións que leva aparelladas posibilita cursar con aproveitamento as ensinanzas, acadar as competencias correspondentes ao ciclo de que se trate e exercer a profesión.

Ademais, no seu caso, o tribunal poderá adaptar os requisitos e probas de acceso de carácter específico que deban superar os aspirantes que, en todo caso, deberán respectar os obxectivos que para cada ciclo e grado de cada título se establezan nas súas normas específicas.

Adicional segunda: Docentes pertencentes a outros corpos.

O profesorado funcionario do Corpo de mestres especialista en Pedagogía terapéutica e/ou en Audición e linguaxe poderán desempeñar funcións de atención á diversidade, relacionadas coa súa especialidade, en todos os cursos da educación secundaria obrigatoria.

Disposición derogatoria.

Queda derogado o Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao regulado no presente decreto.

Queda derogado o Decreto 252/1983, de 15 de decembro, polo que se regulan os centros experimentais.

Disposicións finais.

Primeira. Desenvolvemento normativo.

Autorízase á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ditar as disposicións precisas para a execución e o desenvolvemento do establecido neste decreto.

Segunda. Entrada en vigor.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.